



A terra quer lentura: XXX romaxe dos crentes galegos

Agustín Díaz Blanco

Despois de ler atentamente a folla de ruta que nos ofreceu Irimia, quen nos ía dicir que para acudir á ermida da Nosa Señora do Monte, ou á Romaxe, abondaba con achegarse a Paxareiras, o tan coñecido paraxe na estrada de Santa Comba a Muros (e Carnota)? Claro que un nunca reparara no humilde letreiro que sinala a pista que leva, ao cabo de tres quilómetros, ata a Nosa Señora do Monte, raíña rodeada polos máis variados outeiros e vixiada, algo máis lonxe, polo famoso Pindo.

Pois alá fomos. Para algúns eran xa trinta andainas, outros aínda lembrando a primeira, na Serra de Meira, saltamos unhas cuantas. E non faltaban os primeirizos que vivían unha experiencia iniciática. Pero todos fomos acollidos co mesmo agarimo polo eficaz equipo de veciños de Mazaricos que nos obsequiaba cun anaco de bica.

Pouco a pouco chegabamos de todas partes. Grupos máis numerosos da fachada atlántica, desde Ortegal ao Miño.... Pero tamén de terras ourensás e luguesas, de pequenas vilas e pobos do interior.

E logo entramos en materia. Animados polo bo facer musical dos amigos da Quenlla, que abrían a celebración lembrando a Cantiga das augas. Evocación dunha traxectoria, desde o renazo galego na fonte do Miño. Nesta ocasión tratábase de buscar a lentura da terra, esa humidade fecunda que se agocha debaixo da capa seca superficial.

A Virxe do Monte entra en diálogo co seu veciño Monte Pindo, espectador desa singular ferverza coa que o Xallas se precipita no mar, cando lle deixan facelo os poderes fácticos que controlan o curso dese río. E entre a Virxe do Monte e mailo Monte Pindo, alternando con outros voceiros, vannos facendo descubrir a íntima dependencia do noso corpo do líquido elemento. E tamén a inseparable relación da fecundidade da nosa terra coa auga que a penetra: “chuvia que escorra e que se filtra na terra á que dá lentura e vai máis abaixo, pasando a ser auga do subsolo, río soterrado”.

A Virxe do Monte explica o segredo da lentura: “terras traballadas coas mans de miles

de labregas e labregos, pedreiras feitas leira fértil, capaces de beber en pequenos grolos e auga do ceo, herdanza dunha sabedoría antiga, dunha cultura que humanizou a paisaxe, alimentou a esperanza e nos fixo existir e respirar tal como somos”.

O lentor que dá vida foi evocado da man das escrituras. “Olla que o señor, o teu Deus, te vai levar a un país bo, terra de regueiros de auga, de fontes e lagoas que saen das veigas e dos montes” (Deut. 8,7) “E sucederá no día aquel: os montes zumegarán mosto e os outeiros deitarán leite; todos os corgos de Xudá deixarán correr a auga; unha fonte sairá da casa do señor e verterá a auga no río das Mimosas” (Xoel, 4,18)

E logo, o relato evanxélico da samaritana: “Todo o que bebe desta auga terá sede outra vez, pero quen beba da auga que eu lle darei nunca máis terá sede e esa auga será dentro del unha fonte que mana para unha vida que non acaba”

Os romeiros iamós tamén deixándonos penetrar pola lentura da palabra. Todo o pobo vivía con emoción o rito, seguindo o alento que desde o estrado impulsaban os celebrantes e voceiros. Xabi Blanco e mailo compañeiro de San Carlos Borromeo Javier Baeza

souberon compartir as emocións e sentimentos de todos os presentes. Incluindo alusións a presuntos espías supostamente presentes na celebración, buscando pedra de escándalo nunha celebración festiva da nosa fe. O ambiente era tan cálido como a xornada e ninguén viu ningún corvo nin ave de mal agoiro, nin sequera nos visitaron gaivotas nin cigañas.

E así foi rematando a eucaristía, en comunión compartida. Para rematar co tradicional berro seco e co anuncio de que o ano que vén a romaxe volve ás orixes, á beira do Miño, a moi poucos quilómetros da Serra de Meira, onde naceu no Pedregal de Irimia.

Veú logo, o xantar tamén compartido, ao redor da ermida da Romaxe. E abondaron os cantos e bailes. A Quenlla tamén volveu demostrar as súas habilidades. A ledicia do encontro facíase patente entre os romeiros.

E finalmente a despedida. A xente andaba algo despistada sobre o camiño a seguir para a cita da oración vespertina. Pero os que souberon achegarse ao lugar non esquecerán facilmente a vivencia dese momento, cara o mar de Fisterra, ollando sobre o inmenso areal de Carnota.

Agustín Díaz